

Ferramentas e recursos para dinamizar a aula



FUNDAMENTACIÓN

Actualmente, no ámbito da educación estanse presentando novos retos ante os novos contextos que están xurdindo.

O feito de que se incorporen ao sistema educativo alumnado con outra lingua vehicular indica cada vez máis que é preciso dar un golpe de temón na estratexia didáctica na aula e avanzar cara a un modelo máis participativo e activo.

É por isto que presentamos unha proposta didáctica na que se traballe activamente na dinamización da aula e nas posibilidades dos e das docentes de implementalas con implicacións positivas entre o gurpo de alumnado.

CARACTERÍSTICAS DO OBRADOIRO

O Curso de ferramentas e recursos para dinamizar a aula está pensado para desenvolver en sesións temáticas relacionadas co ámbito de traballo do docente.

Os contidos en que se vai incidir, buscan que o alumnado sexa quen de ampliar o catálogo de propostas lúdicas coas que traballar na aula, e potenciar deste xeito os incentivos do alumnado para intervir no proceso de adquisición de coñecementos, ao tempo que se senten motivados para participar activamente.

Para poder acadar os obxectivos marcados, a metodoloxía será totalmente **práctica**, con dinámicas lúdicas en equipo, nas que eles serán os protagonistas e onde terán un papel totalmente activo, apoiado polo labor do docente que incidirá naqueles elementos máis importantes.

Xa que logo, este curso está deseñado para favorecer a interacción co alumnado dun xeito **práctico e efectivo**, transmitindo ao mesmo tempo, transversalmente, actitudes positivas de cara ao uso da lingua galega.

DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

OBXECTIVOS

Os docentes, ao rematar o obradoiro, deben ser capaces de:

- o Implementar as ferramentas e recursos no desenvolvemento do seu traballo.
- o Favorecer o uso da lingua galega nas aulas como elemento positivo e integrador.
- o Investigar novos formatos, técnicas de animación e diferentes plataformas que lles faciliten o traballo nos centros.
- o Intercambiar experiencias, dúbidas e curiosidades co profesorado dos diferentes centros.

DIRIXIDO A

Docentes de primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e educación especial.

DURACIÓN

O curso ten unha duración total de 30 horas.

METODOLOXÍA

A fundamentación metodolóxica que se vai implementar baséase no desenvolvemento de intervencións totalmente prácticas, con procedementos didácticos de carácter creativo e ferramentas de traballo innovadoras que darán resposta aos obxectivos do obradoiro, no que se contará co apoio de material teórico específico, tirados tanto da animación como da educación social e da pedagogía.

A organización das diferentes sesións terán un marcado carácter lineal e continuado. Propomos dinámicas lúdicas, tanto de desinhibición coma de motivación, nas que os docentes serán os propios protagonistas.

Nas primeiras sesións realizaremos propostas didácticas baseadas en técnicas de aprendizaxe cooperativo, como método excepcional para determinar o perfil do alumnado. Deste xeito poderemos establecer os coñecementos de partida e adecualos á realidade do obradoiro para poder traballar conxuntamente de cara á consecución da mesma meta no proceso de aprendizaxe.

En cada unha das sesións traballarase arredor dun tema concreto, nas que se buscará que lle atopen unha aplicación a todas as ideas que se van presentando para as súas áreas de estudo.

CONTIDOS DO CURSO

- As actividades lúdicas nas aulas
 - Estrutura
 - Metodoloxía
- As actividades de desinhibición e presentación
 - Creamos grupo
- Os espazos do centro educativo
 - O patio
 - A biblioteca
 - Os pasillos
- A música nas aulas
- Internet, un mundo por explorar
- Traballamos con exemplos (I)
- Traballamos con exemplos (II)